

## **CIRCULAR A DOCENTES DE PORTUGUÉS SOBRE O NOVO MODELO DE EXAME**

Como quizá é do voso coñecemento, foi promovido no pasado ano un proceso de harmonización das probas das PAU de todas as materias en todo o estado. No caso de portugués, dadas as suas especificidades, o acordo demorou máis mais estamos en condicións de acordo, ao menos coa outra comunidade con número relevante de estudiantes que realizan as probas (por volta de 200, número similar ao da Galiza) e Madrid (por volta de 30). As outras comunidades ou non teñen estudiantes que escollan a proba de portugués (en todas elas, a proba é única para “Lingua extranxeira 1” e “Lingua estranxeira 2”) ou teñen moi poucas. Téñase en conta que a materia de portugués só está presente no ensino secundario da Galiza e da Extremadura

As alteracións que presenta o novo MODELO aprobado no grupo de traballo de portugués da CIUG, a que adheriu Extremadura (estamos á espera da resposta doutras comunidades mais preferimos enviar xa o novo esquema):

A composición pode centrarse ben nunha cuestión de carácter cultural ou social do mundo lusófono, relacionada en certa medida ao texto; ben no desenvolvemento dun tema libre vinculado ao texto.

Na Pergunta 1:

1.1 Título e síntese pasan de 0,5 a 1 na súa valoración

1.2. A definición de palabras mantense en 0,5

1.3. É introducido un novo exercicio para reforzar o ámbito de comprensión do texto, consistente en relacionar enunciados que son formulados no exercicio cos parágrafos correspondentes no texto ou preguntas abertas, con 1 valor

A pregunta 2: é a antiga pregunta 4, podendo tamén formularse, alén de asuntos sociolinguísticos ou culturais do mundo de lingua portuguesa, outros temas a desenvolver a partir do texto, en opción a e b.

A Pergunta 3 mantense nos termos anteriores

A pregunta 4 absorbe o exercicio da pregunta 1 relativo ao ámbito morfossintáctico e/ou ao ortográfico, podendo incorporar cuestións fonético-fonolóxicas e, inclusivamente, léxico-semánticas, con valor de 2,5.

Nota bene: pola peculiaridade da pregunta 1.3. e, en parte, do alargamento da valoración de 1.1, os textos poderán ser sensiblemente más extensos, para permitir un mellor desenvolvemento delas. De todos os modos, mantemos este ano os textos que estaban subidos á páxina da CIUG e viñan servindo de modelo para que as docentes poidades avaliar de mellor modo as mudanzas e a súa aplicación (de modo un pouco forzado, particularmente no caso da 1.3), que, como teredes oportunidade de verificar, son relativamente poucas e inseridas no cadre o esperábel na materia.